

Xornada de

BENVINDA

6 de setembro de 2019

Salón de actos Marie Curie
Edificio Politécnico



Fotografía: Jens Kreuter

Xornada de BENVIDA

6 de setembro de 2019

Salón de actos Marie Curie
Edificio Politécnico



Universidade de Vigo

Escola de Enxeñaría
Aeronáutica e do Espazo

Presentación

A Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo é un centro universitario de recente creación polo Decreto 6/2017, do 12 de xaneiro. O noso centro conta cun equipo humano con ampla traxectoria na docencia, na investigación e na xestión académica. Nos primeiros tres cursos, trinta e tres persoas impartíronlles docencia ás 150 alumnas e alumnos que comezaron os seus estudos nos cursos 2016/2017, 2017/2018 e 2018/2019. No vindeiro 2019/2020 aumentará o número de docentes encargados de formar as e os futuros profesionais como graduadas e graduados en Enxeñaría Aeroespacial.

A Universidade de Vigo conta cunha importante traxectoria aeroespacial. Convén lembrar que, nesta altura, xa foron tres os satélites postos en órbita e ten previsto o lanzamento de varios máis nos vindeiros anos. A carreira espacial da Universidade de Vigo é posible grazas aos excelentes grupos de investigación no ámbito tecnolóxico que forman a agrupación aeroespacial. Tamén cómpre engadir os distintos equipos de física aplicada, informática, mecánica de fluídos, matemática aplicada, expresión gráfica, química, estatística, electrónica, automática ou ciencias dos materiais, fabricación, por citar algúns.

A nosa misión é a de proporcionarlle ao alumnado a mellor formación posible no ámbito da enxeñaría aeroespacial, nas mencións de aeronaves e equipos e materiais aeroespaciais. O Grao en Enxeñaría Aeroespacial forma especialistas nunha profesión regulada ocupados do deseño, construción, mantemento e mellora de aeronaves e vehículos espaciais, así como de todo o equipamento, subsistemas e infraestruturas que requiren.

Para continuar coa formación aeroespacial dos futuros egresados e egresadas do Grao en Enxeñaría Aeroespacial, actualmente estase impartindo o título superior de Mestrado universitario en operacións e enxeñaría de sistemas aéreos non tripulados (como mestrado interuniversitario en colaboración coa USC). Ademais estase traballando na dirección do centro para ofertar desde a escola outros títulos superiores: Mestrado universitario en ciencias e tecnoloxía do espazo e Mestrado universitario en enxeñaría aeronáutica (profesión regulada).

Destinatarios

Alumnado de primeiro curso do Grao en Enxeñaría Aeroespacial

Obxectivos

1. Facilitar ao novo alumnado o tránsito e adaptación á contorna universitaria.
2. Presentar os recursos e ferramentas que terán ao seu dispoñer na Universidade de Vigo e, en particular, na Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo.
3. Dar a coñecer as aulas, laboratorios e instalacións onde recibirán docencia, así como outras infraestruturas do Campus de Ourense.

Programa

9.30 h Recepción e benvinda polo equipo directivo do centro

10.00 - 11.00 h Presentación dos distintos servizos do Campus de Ourense

M^a Carmen Fernández Contreras, Xefa da Área de Grao de Informática, Ciencias e Aeronáutica

Isabel Ferreiro González, Psicopedagoga responsable do Gabinete Psicopedagóxico

M^a Nieves Lorenzo González, Coordinadora de mobilidade

Raquel Ardao Suárez, Representante da Delegación do alumnado

11.00 - 12.30 h Visita guiada polo campus co profesorado do centro

12.30h - 14.00h Obradoiro co Gabinete Psicopedagóxico

_Isabel Ferreiro González, Psicopedagoga responsable do Gabinete Psicopedagóxico

Lugar: Ludoteca, Edificio de Facultades

Información

Secretaría de dirección da EEAE

Para consultas relativas a información xeral sobre a titulación e o profesorado do centro

Planta baixa, Edificio Politécnico

988 368 823

aero.direc@uvigo.es

Administración da Escola Superior de Enxeñaría Informática, Facultade de Ciencias e da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo

Para consultas relativas a xestión académica (admisión, traslados, recoñecemento de créditos, etc.)

Planta baixa, Edificio Politécnico

988 387 004

988 387 003

xacinfo@uvigo.es

xncinfo@uvigo.es



aero.uvigo.es